

PROXECTO “AXUDA PARA PAULA”

Recollida de tapóns de plástico no CMUS Profesional da Coruña

¿QUEN É PAULA?

Paula é unha nena de Boiro de un pouco máis dun ano de idade. Paula ten AXENESIA SACRA, unha enfermidade rara pola cal naceu sen sacro e sen dúas vértebras.

Os médicos non lle ofreceron de momento unha solución, pero esta malformación si ten tratamento nunha clínica alemana. Sen embargo, os costes do tratamento así como das operacións superan os 200.000€.



Podedes atopar máis información deste caso en:

- <http://www.ayudaapaula.com>
- <http://www.facebook.com/PaulaNecesitaAyuda>

A RECOLLIDA DE TAPÓNS DE PLÁSTICO

Para tratar de axudar á familia na recaudación de cartos que lles permita iniciar o tratamento para Paula en Alemaña, leváronse a cabo en Boiro e noutros municipios, diversos actos e actividades que contribuíron economicamente a esta causa.

Fai uns meses, amigos da familia comezaron a traballar na recollida de tapóns de plástico, seguindo campañas similares que se realizaron para Íker, no País Vasco ou Aitana, en Aragón.



Esta campaña, que xa se está levando a cabo en diversos municipios, consiste na recollida de tapóns de plástico, que posteriormente serán enviados a unha fábrica de reciclaxe en Palencia (PLÁSTICOS MAGONSA). Esta empresa pagará por cada tonelada de tapóns que a familia de Paula lles entregue.



Ademals a empresa DUCO TRANSPORTES colabora co envío gratuito a Palencia dos tapóns recollidos.

CÓMO PARTICIPAR NA RECOLLIDA DE TAPÓNS

¿QUE TAPÓNS SERVEN? Calquera tapón serve mentras sexa de plástico. Tapóns de bricks de leite, zumes, refrescos, botellas de auga, champú, suavizante... Sempre que sexa de plástico.

¿ONDE SE RECOLLEN OS TAPÓNS? No vestíbulo do noso centro, o Conservatorio Profesional, atoparedes unha gran caixa co cartel da campaña “Axuda para Paula” onde podedes depositalos.

CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA
Praza do Conservatorio, s/n
15011 A Coruña

A medida que se encha a caixa, almacenaremos as bolsas con tapóns na garaxe do centro, para que cando contemos cunha cantidade suficiente a empresa de transportes poda vir recollelos para levalos á fábrica de reciclaxe.

¿ATA CANDO RECOLLEREMOS OS TAPÓNS? A campaña de recollida de tapóns levarase en principio ata finais do curso escolar (mes de xuño), pero se é necesario, continuaremos nos seguintes meses coa campaña para conseguir recoller máis tapóns.

¿QUEN PODE APORTAR TAPÓNS? Calquera persoa pode participar nesta campaña, independentemente de se pertence ou non á comunidade escolar.



**TOMA NOTA:
¡CADA TAPÓN ANOTA!**